



CONVOCATORIA DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS DE EMERXENCIA DESTINADAS A MITIGAR OS EFECTOS NEGATIVOS DA PANDEMIA POR COVID-19 NO TECIDO ECONOMICO E EMPRESARIAL

1.- OBXECTO

O obxecto é convocar axudas de urxencia destinadas ao mantemento do tecido empresarial de Vila de Cruces co obxectivo de mitigar os efectos económicos negativos que se poden producir en determinados sectores da economía municipal especialmente perxudicados pola pandemia por coronavirus COVID-19.

Estas axudas teñen o carácter de axudas de emerxencia, destinadas a pequenas empresas e autónomos para contribuir a facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, mantendo a actividade e o emprego e paliar a redución repentina de ingresos provocados pola entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e posterior normativa e instrucións de desenvolvemento.

As bases reguladoras desta convocatoria atópanse na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces publicada no BOPPO de 20 de febreiro de 2006.

2.- FINANCIAMENTO

As subvencións financiaranse con cargo á partida orzamentaria 439.479 dotada cunha transferencia de crédito de 126.000,00 euros.

3.- NATUREZA E RÉXIME DAS AXUDAS

Estas axudas teñen a natureza de subvención de acordo co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva para todos os solicitantes que reúnan as condicións.

4.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo actividades económicas que motivan a concesión segundo algunha das seguintes epígrafes:

Epígrafe 1: Actividades obrigadas ao peche segundo o disposto no RD 463/2020 modificado polo RD 465/2020.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 543Z3KKNWKE9GLWL9LH7DYKM | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Epígrafe 2: Actividades non incluídas na epígrafe 1 e que se vexan afectadas por:

- Imposibilidade total de realización de teletraballo.
- Atoparse pechados os establecementos comerciais ou empresas ás que presta servizo.
- Non poder acceder aos centros de traballo debido ás limitacións de mobilidade propias e dos cidadáns ou por negativa destes a facilitar o acceso.
- Non poder conseguir as materias primas coas que levar a cabo a actividade produtiva.
- Non ter a posibilidade de acceder á clientela debido ás limitacións de mobilidade desta.
- Peche parcial da actividade levada a cabo, entendendo como tal aqueles negocios que levan a cabo actividades correspondentes a varios epígrafes do IAE e que algún deles foi pechado en virtude do R.D. 463/2020.
- Calquera outro motivo de natureza tal que non teña permitido levar a cabo a acción profesional e estea directamente relacionado co obxecto desta convocatoria.

Deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa autónoma, unha microempresa ou pequena empresa, definidas conforme ao Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- b) Que a actividade estea afectada polo estado de alarma e non fose compensada por un incremento da facturación debido a un maior volume de negocio online ou telefónico.
- c) Estar dado de alta no correspondente réxime da Seguridade Social, e en facenda no momento de presentación da instancia.
- d) Que o domicilio fiscal e no seu caso, o do local de desenvolvemento da actividade se atope no termo municipal de Vila de Cruces.
- e) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- f) Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa administración da Comunidade autónoma e co Oral e non ter débeda pendente co Concello de Vila de Cruces.
- g) No caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras sen personalidade xurídica propia debe nomearse unha persoa representante apoderada, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que correspondan. A agrupación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 da LXS. No caso de concesión de subvención a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes en función dos que participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da mesma.
- h) Non estar en situación de baixa médica no momento de solicitude da axuda.
- i) No caso de beneficiario da epígrafe 1, ter unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 25%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 543Z43KKNWKE9GLVL9HN7DYKM | Corrección: <https://viliadecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



j) No caso de beneficiario da epígrafe 2: cumprir algún do seguintes requisitos:

Epígrafe 2A.- Que sufra unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de máis do 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade.

Epígrafe 2B.- Que sufra unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 50%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade.

Quedan excluídas as administracións públicas, os seus organismos autónomos, as empresas públicas e outros entes públicos, así como as asociacións, fundacións e, en xeral, entidades sen ánimo de lucro e o persoal autónomo colaborador.

5.- CONTIA

O importe da subvención será:

- Beneficiarios recollidos na epígrafe 1: máximo 1000 euros
- Beneficiarios recollidos na epígrafe 2A: máximo 600 euros
- Beneficiarios recollidos na epígrafe 2B: máximo 300 euros

En ningún caso o importe da subvención unido ao doutras posibles subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

6.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Dirixiranse ao alcalde, e presentaranse no rexistro do Concello de Vila de Cruces segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e comezará a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal.

Deberán acompañar a seguinte documentación:

1. Solicitude asinada polo titular ou representante legal (ANEXO I).
2. Fotocopia do DNI do solicitante e no seu caso do CIF da empresa.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 543Z43KKNWKE9GLWL9HN7DYKM | Corrección: <https://viliadecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



3. No caso de empresas, escritura de constitución.
4. Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e en ou caso o do local de desenvolvemento da actividade.
5. Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou da Mutua profesional correspondente.
6. Certificación bancaria do número de conta do cal sexa titular o beneficiario.
7. Anexo II: Declaración responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:
 - Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.
 - Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
 - Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
 - Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
 - Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
 - Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de acordo co establecido no artigo 11 de devandita lei.
 - Que a actividade que desenvolven viuse obrigada o peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo e sofre unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 25%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade (no caso de solicitar a axuda do epígrafe 1).
 - Que a actividade que desenvolven, non incluída na epígrafe 1, sofre unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de máis do 75%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade (no caso de solicitar as axudas do epígrafe 2A).

Concello de Vila de Cruces





- Que a actividade que desenvolven, non incluída na epígrafe 1, sofre unha redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 50%, en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levará a cabo tendo en conta o período de actividade (no caso de solicitar as axudas do epígrafe 2B).

A convocatoria, os anexos e formularios estarán dispoñibles na páxina web do concello www.viladecruces.gal.

Se do exame do expediente se comproba que a documentación non reúne os requisitos necesarios, é insuficiente ou non se achega na súa totalidade, faráselle un único requirimento ao solicitante para que, nun prazo de 10 días hábiles, enmende a falta ou achegue os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese se terá por desistido da súa petición.

7.- CONCESIÓN

O procedemento de concesión das axudas co límite do crédito dispoñible de 126.000,00€ será en réxime de concorrencia competitiva.

O procedemento de concesión será o seguinte:

1.- Criterios de valoración:

- a) Por estar incluído na epígrafe 1: 4 puntos.
- b) Por estar incluído na epígrafe 2A: 2 puntos.
- c) Por estar incluído na epígrafe 2B: 1 punto.

2.- Procederase ao prorrateo do importe global máximo, segundo o artigo 19.3 da Lei 9/2007, aplicando o seguinte proceso:

1º.- Cálculo do valor de cada punto: sumamos o número de puntos totais obtidos polos solicitantes e calculamos o importe que lle corresponde a cada punto mediante a seguinte operación aritmética: 126.000,00 euros / puntos totais conseguidos polos solicitantes.

2º.- Cálculo do importe da contía de subvención que lle corresponde a cada beneficiario: multiplicamos o resultado da operación anterior (valor punto) polo número de puntos de cada un dos solicitantes para obter o importe de subvención que lle corresponde.

En ningún caso se o importe da subvención superará os límites máximos establecidos nestas bases para cada unha das epígrafes.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 543Z43KKNWKE9GLVL9HN7DYKM | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10



O órgano instrutor será o axente local de emprego encargado de instruír e tramitar os expedientes.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse á Comisión de valoración que elaborará informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

A comisión de avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o alcalde do Concello ou membro da corporación municipal en quen delegue.

Secretario/a: O secretario da corporación ou persoa que o sexa da corporación do Concello.

Vogal: O/a axente de emprego

Vogais: O/a Concelleiro/a con competencias en materia de Economía, ou persoa en quen delegue.

O/a Concelleiro/a con competencias en materia de Comercio, ou persoa en quen delegue.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución á Xunta de Goberno Local para a aprobación das axudas como órgano competente para a resolución segundo o réxime de delegacións existente.

O órgano instrutor notificará ás persoas beneficiarias a concesión de subvención mediante notificación no enderezo que conste na solicitude e publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo de resolución e notificación será de 4 meses dende a publicación do extracto da presente convocatoria no BOP Pontevedra.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, en concreto, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

8.- PAGAMENTO

O pago destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías. Dito pago considerarase un pago a conta da xustificación a presentar, de acordo co artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 543Z43KKNWKE9GLVL9HN7DYKM | Corrección: <https://valida.cruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



9.- XUSTIFICACIÓN

A subvención concedida deberá xustificarse ata o 31 de decembro de 2020 presentando a seguinte documentación no rexistro do Concello:

— Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.

— Resolución/certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social ou Mutua profesional correspondente da persoa física ou da persoa administradora actualizado á data de presentación da xustificación.

— Documentación xustificativa de perdas económicas. Os/as solicitantes deberán demostrar ter sufrido perdas económicas durante o semestre en que se encadre o período de vigor do estado de alarma dalgunha das seguintes maneiras:

- a) Declaración trimestral de ingresos e gastos referidas ó primeiro e segundo trimestre de 2020 nas que deberá de quedar recollida a perda de ingresos.
- b) Copia do libro de facturas emitidas e recibidas, libro diario de ingresos e gastos, libro de ventas e ingresos, libro de contas e gastos.
- c) Conta de ingresos e gastos no caso de sociedades.
- d) Calquera outra documentación ou medio que sexa admitido en dereito que poida ser considerado para acreditar os termos a xustificar.

— Declaración xurada de que a persoa ou entidade solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

— Declaración de complementaria do conxunto de ingresos e axudas solicitadas, tanto das concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas.

— Certificado expedido pola Seguridade Social ou mutua de non atoparse en situación de baixa médica no momento de solicitude da axuda.

-Fotografías do cartel no que se aprecie a publicidade das actuacións.

Rematado dito prazo sen terse presentado a documentación xustificativa, o Concello de Vila de Cruces iniciará expediente de reintegro da cantidade percibida.

10.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

A condición de beneficiario obriga a este nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto:

— A figurar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e co Concello de Vila de Cruces. En caso contrario non se

Concello de Vila de Cruces





- fará o pagamento da axuda.
- Comunicar ao Concello de Vila de Cruces a obtención doutros ingresos ou axudas destinadas á mesma finalidade e procedentes de calquera administración pública ou os seus entes dependentes.
 - Comunicar ao Concello calquera eventualidade na actividade ou programa subvencionado.
 - Proporcionar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vila de Cruces, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
 - Manter a actividade económica durante 2 meses, como mínimo, a partir do día seguinte da finalización do estado de alarma.
 - Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
 - Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
 - Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
 - No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria atópanse comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

11.- DEVOLUCION E REINTEGRO

Procederá o reintegro da subvención percibida nos casos previstos na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e en concreto, nos seguintes casos:

- Incumprimento da obriga de xustificación.
- Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas ou ocultación daquelas que o impedisen.
- Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.
- Por incumprir a obriga de manter a actividade económica durante 2 meses, como mínimo, a partir do día seguinte da finalización do estado de alarma ou non acreditar a redución de ingresos, agás nos casos de causa sobrevida por forza maior suficientemente acreditada.
- Incumprimento das medidas de difusión.

12.- COMPATIBILIDADE

As subvencións que se outorguen ao amparo da presente convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou u recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado,

Concello de Vila de Cruces





nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo de que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

13.- PROTECCION DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase aos participantes nesta convocatoria que os seus datos persoais quedarán arquivados neste concello coa única finalidade de xestionar este procedemento, así como de informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.

14.- PUBLICIDADE

A publicidade da presente convocatoria, realizarase a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en cumprimento do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de Subvencións na súa redacción dada tralas modificacións introducidas pola Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.

Unha vez tramitada a convocatoria, comunicarase á BDNS, o texto e anexos, así como o extracto da mesma.

Así mesmo, remitirase á BDNS, a información relativa a beneficiarios, concesión das subvencións, así como do pago e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, inhabilitación; de forma continuada a medida que se vaian producindo os actos. Todo iso sen prexuízo da publicación na páxina web do Concello, no seu caso.

15.- RÉXIMEN XURÍDICO.

As subvencións as que se refiren as presentes Bases rexiranse polo establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de acordo co establecido na súa disposición final primeira, no Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, Ordenanza Xeral Reguladora das Subvencións do Concello de Vila de Cruces e supletoriamente pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como demais normativa que sexa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 543Z43KKNWKE9GLVL9HN7DYKM | Corrección: <https://villadecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

O alcalde
Luis Celso Taboada Sánchez
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: 543Z43KKNWKE9GLWL9HN7DYKM | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492